

Diáspora e lingua, identidade e retorno. Unha aproximación cualitativa ao programa *Bolsas de Excelencia Mocidade Exterior* do goberno galego

Diaspora and language, identity and return. A qualitative approach to the program Bolsas de Excelencia Mocidade Exterior of the Galician government

Carme Silva-Domínguez

(Instituto da Lingua Galega – Universidade de Santiago de Compostela /
mdocarme.silva@usc.gal)

Data de recepción: 18/06/2024 – Data de aceptación: 03/09/2024

Resumo: Neste artigo preséntase unha proposta de análise para a iniciativa denominada *Bolsas de Excelencia Mocidade Exterior* (bolsas BEME), deseñada polo goberno galego dentro da denominada *Estratexia Retorna 2020*, a ferramenta política mediante a cal se promoveu o retorno a partir dos últimos anos da segunda década do século XXI. Na primeira parte do traballo explícanse os fundamentos que posibilitan a implementación dunha tan ambiciosa política de retorno, analízase o marco terminolóxico dentro do cal se ten abordado este tipo de procesos migratorios e, finalmente, compáranse os exiguos resultados das bolsas BEME na captación de retornados e retornadas de primeira xeración co máis que notorio atractivo do programa para os e as descendentes da diáspora, aventurando as razóns desta desigualdade. Un segundo apartado presenta as preguntas fundamentais ás que se intenta responder desde a metodoloxía deseñada, cuxos principais aspectos (os propios dunha entrevista semiestruturada baixo o formato de historia de vida) son tamén descritos. Outros materiais complementarios na análise, xerados por diversas instancias políticas e sociais, forman parte tamén do corpus compilado. Finalmente sinálanse algúns dos resultados obtidos e que dan resposta ás cuestións formuladas.

Palabras chave: Migracións históricas galegas, retorno diaspórico, transnacionalismo, ideoloxías lingüísticas.

Sumario: 1. Introducción. 2. O retorno no contexto galego e na bibliografía internacional sobre migracións. 2.1. A modulación lexislativa e política do retorno en Galicia. 2.2. A importancia do retorno nos estudos sobre migracións e a especificidade do retorno diaspórico. Retorno e transnacionalismo. 2.3. O retorno de primeira xeración e o retorno diaspórico no programa de bolsas BEME. 3. Presentación da metodoloxía e primeiros resultados do noso ciclo de traballos. 3.1. As preguntas da investigación. 3.2. O deseño da metodoloxía de análise: entrevistas semiestruturadas e materiais complementarios. 4. Consideracións finais: un camiño aberto no contexto da superdiversidade. Referencias bibliográficas.

Abstract: In this article we present an analysis of the initiative known as *Foreign Youth Excellence Scholarships* (BEME), created by the Galician government within the so-called *Retorna 2020 Strategy*, a political tool through which return has been promoted since the late 2010s. The first part of the paper explains the foundations that make possible the implementation of such an ambitious return policy, analyses the terminological framework within which this type of migratory process has been approached and, finally, compares the meagre results of the BEME grants in attracting first generation returnees with the more than notorious attractiveness of the program for descendants of the diaspora, suggesting some reasons for

this imbalance. The second section presents the fundamental questions that we try to answer through our methodology, whose main aspects (those of a semi-structured interview in the form of a life history) are also described. Other complementary materials in the analysis, produced by various political and social bodies, also form part of the compiled corpus. Finally, the results obtained, which answer the questions raised, are summarily presented.

Keywords: Historical Galician migrations, return migration, diasporic return, transnationalism, linguistic ideologies.

Contents: 1. Introduction. 2. The return in the Galician context and in international bibliography on migrations. 2.1. The legislative and political modulation of return in Galicia. 2.2. The importance of return in migration studies and the specificity of diasporic return. Return and transnationalism. 2.3. The first generation return and the diasporic return in the BEME grants program. 3. Presentation of the methodology and first results of our work cycle. 3.1. The research questions. 3.2. The design of the methodology of analysis: semi-structured interviews and supplementary materials. 4. Final remarks: an open path in the context of superdiversity. Bibliographic references.

*Saquei a lotería da memoria,
Lanzáronme unha bolsa de cartos dun remoto barco.*

Do poema «Marchar», no libro *A outra patria* (Premio de Poesía O Facho 2023).

Simón Rodríguez, @galegodecaracas

1. Introducción

A partir do curso académico 2017-2018, a Xunta de Galicia desenvolveu un extenso programa de axudas ao retorno que a propia institución presentou, logo de 2018, baixo a denominación de *Estratexia Retorna 2020* (Xunta de Galicia s. d. [2018]). Composta por unha miríade de iniciativas e pensada para incentivar o regreso a Galicia de persoas de diferentes idades, profesións e localizacións xeográficas de orixe, amplamente dada a coñecer tanto en medios xornalísticos xeneralistas¹ como naqueles máis especificamente ligados á emigración española e galega², e acompañada de visitas de responsables aos centros internacionais de captación de persoas candidatas e notas de prensa da Xunta³, a estratexia preséntaselle á sociedade como unha acción política de calado, dirixida a paliar a crise demográfica que golpea á comunidade, eufemisticamente coñecida como *reto demográfico* e de intensa presenza nos medios de comunicación (pero véxanse

¹ Velaquí algúns exemplos, sen ánimo ningún de exhaustividade, senón máis ben para dar a coñecer o ton e algúns contidos: <https://www.farodevigo.es/gran-vigo/2021/05/16/emigrantes-excelencia-tierra-abuelos-51865976.html> | <https://www.farodevigo.es/estela/2018/01/07/estelajovenes-talentos-vuelven-galicia-16114698.html> | <https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/galicia/2021/09/05/ayudas-retornados-span-langlpretendemos-axudalos-orientalos-acompanalos-na-sua-volta-galiciaspan/00031630855833377983601.htm> | <https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/galicia/2022/06/17/xunta-amplia-250-becas-captar-jovenes-exterior/00031655467744948401159.htm> | <https://www.farodevigo.es/faroeduca/2023/01/13/galicia-incrementa-incrementa-promedio-500-81134202.html> (última consulta: 03/06/2024).

² Por ex.: <https://www.espanaexterior.com/bolsas-excelencia-mocidade-exterior/> | <https://www.laregioninternacional.com/articulo/galicia/emigracion-abre-convocatoria-250-becas-beme-master-galicia-jovenes-gallegas-gallegos-residentes-exterior/202302021411278302.html> (última consulta: 03/06/2024).

³ Por ex., e para as bolsas BEME: <https://emigracion.xunta.gal/es/actualidad/noticia/la-xunta-aprueba-172-millones-euros-atraer-200-mejores-expedientes-universitarios> | <https://emigracion.xunta.gal/es/actualidad/noticia/case-140-alumnas-y-alumnos-beme-participaron-las-jornadas-formativas-sobre-la> | <https://emigracion.xunta.gal/es/actualidad/noticia/emigracion-organiza-tres-jornadas-informativas-sobre-las-becas-beme-master-las-y> | <https://emigracion.xunta.gal/es/actualidad/noticia/emigracion-y-la-usc-dan-la-bienvenida-las-y-nuevos-alumnos-las-becas-beme> | <https://emigracion.xunta.gal/es/actualidad/noticia/la-xunta-abrira-la-convocatoria-las-becas-excelencia-juventud-exterior-beme> (última consulta: 03/06/2024).

tamén Dubert 2019, Dubert / Pérez-Caramés 2021 para outras lecturas). Segundo o poder autonómico, esta ambiciosa ferramenta de intervención foi xa todo un éxito en termos cuantitativos: 22.000 persoas teñen xa retornado ao abeiro da iniciativa⁴. Durante os primeiros meses de 2023, a Xunta de Galicia anunciou a continuidade e ampliación da mencionada política mediante a *Estratexia Retorna 2023-2026* (Xunta de Galicia, s. d. [2023]), en que se duplica o investimento da primeira e que se fixa como obxectivo o retorno a Galicia de 30.000 residentes no exterior⁵.

No seguinte parágrafo, extraído do documento de presentación pública da *Estratexia Retorna 2023-2026*, aparecen expostos con claridade tanto a definición do retorno que se promove como a orientación esencialmente demográfica da mencionada política:

[El] retorno se configura no sólo como una oportunidad para miles de gallegos, sino que implica una apuesta decidida por el emprendimiento, por los jóvenes con currículums brillantes y alta cualificación, por las políticas sociales y por el futuro de Galicia [...]. Un compromiso que se sustenta sobre la creencia de que no es sólo un derecho de todas las gallegas y gallegos emigrados, sino también una oportunidad extraordinaria que la historia de Galicia nos ofrece para superar el complejo reto demográfico que tenemos por delante, contribuyendo así a la mejora de la competitividad y por lo tanto, de nuestra productividad. (Xunta de Galicia s. d. [2023]: 5-6)

Neste traballo presentaremos un ciclo de estudos que se centra nunha das medidas máis significativas de entre as implementadas ao abeiro da Estratexia Retorna 2020, continuada na Estratexia 2023-2026: as *Bolsas Excelencia Mocidade Exterior* (de aquí en diante bolsas BEME, e bolseiros e bolseiras BEME, as persoas que a conseguen). A iniciativa analizarase no período comprendido entre os cursos académicos 2017-2018 e 2022-2023, isto é, ao longo de seis convocatorias; o programa posibilitou que persoas de nacionalidade española, con vínculos de nacemento e máis de tres anos de residencia no exterior, accedesen, en dobre concorrência competitiva⁶, a estudos de máster oficial nun dos sete campus galegos, logo de serlles adxudicada unha bolsa que cobre tanto a matrícula como

⁴ <https://www.cronicasdelaemigracion.com/articulo/galicia/estratexia-retorna-2020-facilito-que-casi-22000-gallegos-exterior-regresasen-galicia/20211118171543106256.html> (última consulta: 03/06/2024).

⁵ Última consulta o 03/06/2024: <https://www.europapress.es/galicia/noticia-galicia-duplica-inversion-estrategia-retorna-facilitar-regreso-30000-gallegos-anos-20221215142116.html>.

⁶ Coa denominación «dobre concorrência competitiva» tentamos facer referencia ao feito de que as persoas solicitantes da bolsa BEME deberon competir, en primeiro lugar, con persoas do seu mesmo perfil para a consecución dunha das entre 100 e 250 bolsas dispoñibles (o número foi aumentando nas sucesivas convocatorias); en segundo lugar, deberon conseguir ser aceptadas naquel máster que era do seu interese, pois os títulos públicos das universidades galegas contan cun número de prazas reducido, en xeral situado entre 20 e 30 estudantes por curso académico.

a instalación na Comunidade durante o período de formación⁷. Durante as primeiras seis convocatorias, chegaron a Galicia preto de 1000 bolseiros e bolseiras BEME, isto é, arredor dun 5% do total de retornos cuantificados pola administración autonómica ao abeiro da Estratexia Retorna 2020.

En consonancia co resto das actuacións políticas que forman parte da mencionada acción política, as bolsas BEME poden ser solicitadas por persoas cuxa relación con Galicia derive da propia nacemento nun dos concellos da Comunidade (ou derradeiro empadramento en España antes de marcharen ao exterior): foméntase, por tanto, un retorno clásico, de primeira xeración, e esta é a razón (ao noso xuízo) de que a idade máxima para a solicitude das bolsas se estenda ata os 40 anos, pois así inclúense nela as e os protagonistas do importante éxodo de poboación formada na transición entre a primeira e a segunda décadas do século XXI⁸. Por outro lado, son tamén aceptadas como candidatas aquelas persoas de nacionalidade española que poidan acreditar documentalmente a súa condición de descendentes de emigrantes que nacesen en Galicia, e neste sentido o baremo das diferentes convocatorias establece unha prelación, en función da cal se prefiren as persoas nadas na Comunidade ou empadroadas nun dos seus concellos antes de emigraren; e logo, en orde decrecente canto á puntuación obtida, quen sexa fillo ou filla, neto ou neta e bisneto ou bisneta. Desde un punto de vista lingüístico e identitario, son as persoas descendentes, colectivo maioritario na obtención das bolsas (segundo se verá nas páxinas seguintes) as que presentan un maior interese para o estudo da súa experiencia a respecto da realidade lingüística de Galicia, e da evolución desta en tres momentos principais: antes, durante e despois da obtención da axuda.

Nas liñas que seguen presentárase o marco conceptual, xurídico e ideolóxico que percorre o programa de bolsas BEME e darase conta do modelo analítico deseñado por nós para dar conta das relacións que bolseiros e bolseiras establecen coas linguas da Comunidade. Nunha primeira sección do traballo, achégase unha aproximación aos porqués do programa de bolsas desde as seguintes perspectivas:

⁷ No período estudado, a contía das bolsas BEME oscilou entre os 7000 euros para a realización dun máster de 60 créditos e un curso académico de duración, e os 12.000 que se destinan aos títulos de 90 créditos e curso e medio de duración. A modo de comparación, alguén que, cursando máster, conseguise unha bolsa de colaboración do goberno central recibiría 2000 euros no curso académico 2022-2023.

⁸ A socioloxía desenvolve na actualidade un vizoso ciclo de análise da última vaga de emigración española ao exterior; no apartado seguinte achéganse algunhas referencias de interese desde a perspectiva do seu poder explicativo do fracaso do programa de bolsas BEME canto a este colectivo. Menor éxito académico parece ter tido, ata o momento, a análise do subconxunto galego de persoas emigrantes dentro desta vaga migratoria española. Porén, o ensaio literario (María Alonso Alonso, *Transmigrantes*, ed. Axóuxere, 2017), a recolleita de entrevistas cun formato tamén ensaístico (da mesma autora, *Migrantes*, ed. Galaxia, 2021) e a novela (Brais Lamela, *Ninguén queda*, Euseino?, 2022, Premio da Crítica de narrativa en lingua galega e, na súa tradución ao castelán, premio Ojo Crítico 2023) achegan aproximacións ao fenómeno de grande interese e impacto mediático en Galicia.

a lectura da emigración por parte do galeguismo histórico, as persoas descendentes no marco xurídico galego e a progresiva ampliación dos dereitos de obtención da nacionalidade española para quen reclame proceder de emigrantes. Nun segundo apartado dialógase cos diferentes desenvolvementos aos que ten dado lugar o concepto *retorno* nos estudos migratorios, logo do seu despegar como espazo de interese na transición entre os dous últimos séculos. Nun terceiro punto darase conta da desigual recepción das bolsas BEME por parte dos dous colectivos que poden acceder a elas: os e as emigrantes que protagonizaron o éxodo derivado da crise de 2008, por unha banda, e os e as descendentes da emigración histórica galega, pola outra.

A continuación, explícarase que tipo de respostas pode achegar o estudo dos e das BEME protagonistas dun retorno diaspórico ás cuestións de maior relevancia acerca da relación entre sociedade e lingua en Galicia e presentarase a ferramenta analítica que se deseñou para o achegamento a todas estas cuestións. Trátase dunha entrevista semiestruturada, formulada a partir do modelo de historia de vida, que permite acompañar a persoa bolseira en tres momentos do seu periplo: desde o momento previo á obtención da bolsa ata o tempo do seu disfrute e, en moitos casos, o tempo pasado en Galicia ou fóra dela unha vez rematado o ano ou ano e medio de formación subvencionada.

2. O retorno no contexto galego e na bibliografía internacional sobre migracións

2.1. A modulación lexislativa e política do retorno en Galicia

No recoñecemento da galegitude das persoas nadas no estranxeiro, por causa dos diferentes momentos de éxodo vividos no país a partir do século XIX, conflúen, ao noso modo de ver, tres elementos que camiñan na mesma dirección: a lectura histórica do fenómeno migratorio por parte do galeguismo e o seu aparello cultural, o consenso político interno (talvez non tanto o consenso social, cfr. Bermingham / Silva-Domínguez 2024b) arredor da galegitude de descendentes, e mais as repercusións das mudanzas lexislativas operadas no nivel estatal, que levaron a unha cada vez maior extensión do dereito á cidadanía española para aquelas persoas que demostren ter liñaxe galega. Todos estes factores, operando na mesma dirección, convértese nunha especie de «treboada perfecta» e explican o actual e vizoso artellamento de políticas de retorno tan ben dotadas orzamentariamente, tan diversificadas e, en suma, tan ambiciosas, como as mencionadas Estratexia Retorna 2020 e Estratexia Retorna 2023-2026.

Canto á primeira das cuestións, abonda co tratamento da diáspora na literatura galega (sexa na Rosalía das «viúvas dos vivos e as viúvas dos mortos», sexa no

Castelao de *Sempre en Galiza*), para darse conta do intenso asentamento no pensamento galeguista dunha lectura negativa da emigración. Outras posibles narrativas, como a que reconece a indispensable achega das persoas emigrantes á modernización de Galicia (Núñez Seixas 1998) quedaron, sen dúbida, escurecidas no imaxinario literario ou desenvolveron un papel de menor relevo.

A segunda das cuestións (en gran medida consecuencia da anterior), o consenso político acerca da natureza hereditaria da identidade galega (unha sorte de *ius sanguinis*), queda plasmada xa no propio Estatuto de Autonomía de Galicia (1981), que no seu artigo 3 estende a condición de galegos e galegas aos e ás «descendentes inscritos como españois, de así o solicitaren, na forma que determine a lei do Estado». A Lei de Recoñecemento da Galeguidade e mais a Lei de Normalización Lingüística, ambas de 1983 (esta última, cun título dedicado ao denominado *galego exterior*) consolidan esta interpretación, que dá lugar durante as décadas dos 80 e os 90 ao desenvolvemento, por parte da Xunta de Galicia, dunha extensa política, de natureza lúdico-cultural primeiro, asistencial despois (axudas aos centros galegos para a realización de actividades culturais, viaxes subvencionadas a Galicia tanto de emigrantes como da descendencia, apoio a ambos os colectivos en crises sanitarias e económicas nos países de instalación, cfr. Rovetta Cortés 2018: 403-404).

En terceiro lugar e como elemento primordial, cómpre non esquecer a importancia da concesión de dereitos electorais en España e Galicia ao colectivo de descendentes (Lugilde Pardo 2020), e tamén se deben ter en conta as sucesivas reformas do marco lexislativo español, que permitiron o acceso á nacionalidade a un número crecente de persoas, sempre que acrediten posuír ascendencia española: a modificación do Código Civil de 2002 (Espín Alba 2010), a Lei da Memoria Histórica de 2007 (Izquierdo Escribano 2011; Golías Pérez 2018) e, máis recentemente, a Lei da Memoria Democrática de 2022.

Neste contexto, non é estraño que o obxectivo do retorno apareza no horizonte da Xunta de Galicia nun momento tan temperán como os primeiros anos do século XXI, en que as políticas de corte cultural e asistencial implementadas anteriormente comezan a ser substituídas, ou cando menos complementadas, con axudas dirixidas á instalación en Galicia de descendentes e as súas familias (Rovetta Cortés 2018: 404). Continuadas unhas e outras polo goberno bipartito, a nova lectura do retorno como oportunidade para Galicia nun contexto de crise demográfica culmina en dous textos legais aprobados na segunda década do século XXI polo poder conservador: a Lei da Galeguidade (Lei 7/2013, do 13 de xuño, DOG do 04/07/2013) e a Lei de Impulso Demográfico de Galicia (Lei 5/2021, do 2 de febreiro, DOG do 09/02/2021). A primeira destas ferramentas lexislativas define por primeira vez as características xurídicas que acompañan á figura da persoa retornada, estendidas tamén «aos fillos das persoas galegas e nadas en Galicia con residencia no estranxeiro que residindo fóra de España se establezan na Comunidade Autónoma de Galicia» (artigo 53, apartado 2). No segundo dos textos legais mencionados conságranse varios artigos a desenvolver as medidas de amparo, no proceso de retorno, da «poboación galega residente no exterior»; nesta lei prevese a existencia de axudas destinadas a propiciar a instalación en Galicia de persoas vinculadas ao

retorno e das súas familias, así como a creación de oficinas específicas dentro da administración autonómica para o apoio no proceso. As persoas retornadas aparecen claramente diferenciadas a respecto da chamada «nova poboación», isto é, a inmigración, cuxo asentamento na Comunidade aparece estritamente condicionado ás necesidades e posibilidades que presente o mercado laboral galego (artigo 73, apartados 1 e 2).

2.2. A importancia do retorno nos estudos sobre migracións e a especificidade do retorno diaspórico. Retorno e transnacionalismo

Segundo se destaca en Pauli (2021: 94), foi a transición entre os séculos XX e XXI a que propiciou unha mirada máis intensa da socioloxía das migracións cara ás diversas modalidades de regreso á terra, e isto debido fundamentalmente a dúas circunstancias: a eclosión de intervencións gobernamentais sobre o proceso e mais a difusión do paradigma transnacional na investigación sobre mobilidades. Se anteriormente se tiñan definido emigración e retorno como dúas facianas da mesma moeda, en tanto que protagonizados polas mesmas persoas, a partir deste momento comezaron a ser obxecto de interese aquelas mobilidades caracterizadas porque quen marchan e quen volven non son os mesmos individuos, senón descendentes de diversas xeracións.

Reservada a etiqueta *retorno* para a modalidade clásica, que é tamén a máis estudada ata o momento (Pauli 2021: 100), a investigación vén procurando unha denominación específica para aquela mobilidade caracterizada polo regreso dunha xeración diferente da que marchou. Na cerna do afán terminolóxico parece estar a convicción do carácter híbrido deste último proceso, un *mix* de retorno e migración propiamente dita (King / Christou 2011: 15). É característico da bibliografía sobre o retorno de xeracións diferentes da primeira un constante ensaio de etiquetas novas: ademais de *retorno da descendencia* e *retorno da segunda xeración*, outras denominacións empregadas son *retorno ancestral* (Bovenkerk 1974), *retorno étnico* (Tsuda 2009) e, máis recentemente, *contra-díáspora* (King / Christou 2011). Unha opción repetidamente empregada é aquela que parte da metáfora vexetal da raíz: así, Wessendorf (2007) fala de *roots migration*, e na mesma liña Levitt (2009) xogando coa similitude entre as palabras inglesas *roots* e *routes*, reflexiona acerca de como as «raíces» das persoas, isto é, a conexión destas cunha «patria imaxinada» son relevantes nas súas rotas migratorias. Outro termo exitoso é xusto o que escollemos neste traballo, *retorno diaspórico* (Kunuroglu / van de Vijver / Yagmur 2016; Tsuda / Song 2019). Máis adiante xustificarase a selección da devandita denominación.

En Galicia, os primeiros traballos en que se menciona a migración de retorno de xeracións diferentes da de partida teñen que ver co ciclo de achegas que dan

resposta á (un tanto inesperada⁹) chegada a Galicia de nova poboación, que se produciu na transición entre o XX e o XXI. Neste contexto analítico e para o colectivo que é do noso interese, da denominación *falsos retornados* (Lamela / López de Lera / Oso Casas 2005) pasouse posteriormente ao sintagma *migración de retorno ás raíces* (Oso Casas / Golías Pérez / Villares Varela 2008: 109). A metáfora da raíz tivo igualmente un importante éxito na socioloxía española da década seguinte e segue activa no momento actual (por exemplo Pérez-Caramés / Domínguez-Mújica / Ortega-Rivera 2021). Polo que se refire á nosa escolla terminolóxica, en dous traballos anteriores, seguindo a proposta de Durand (2004), empregamos a denominación *retorno transxeracional* (Bermingham / Silva-Domínguez 2024a e 2024b). Desde a perspectiva daquelas aproximacións, o termo «xeración» era a clave, e ademais, das tres dimensións implicadas no retorno de acordo con Tsuda (2019: 240): espacial, temporal e social, as dúas últimas son extraordinariamente dependentes da sucesión de xeracións e susceptibles, por tanto, de seren moldeadas polo que King / Christou (2011) denominaron *ideoloxía do retorno*.

Neste traballo, ao igual que en Silva-Domínguez (no prelo), preferimos optar pola denominación *retorno diaspórico*. A razón que explica esta opción, implementada xa para a comparación entre Galicia e o Véneto en Rovetta Cortés (2018), é a necesidade de integrar as nosas pescudas nos estudos sobre a diáspora, isto é, de entender o proceso analizado por nós como produto dunha acción política desenvolvida nun momento concreto e por intereses que se corresponden fundamentalmente cos de determinados sectores da sociedade de acollida. Esta visión das cousas permite, na nosa opinión, comparar o caso galego co doutros países e rexións de Europa nos que igualmente se implementaron accións destinadas a recuperar o capital humano perdido, con maior ou menor éxito. Velaquí unha relación non exhaustiva, seguida de traballos recentes sobre estes procesos politicamente inducidos para cada un dos territorios: Albania (Michail / King 2023), Grecia (Mariou 2020) Portugal (Pinho / Góis / Marques 2022; Matos / Flores 2024) e Italia (Pontrandolfo 2024).

Outro elemento clave nos estudos sobre o retorno diaspórico foi a influencia e consolidación, na análise do fenómeno, do paradigma transnacional. Así, King / Christou (2011: 455) consideran superada a comprensión tradicional da migración en termos de integración ou asimilación, pois as identidades transnacionais frecuentemente habitan múltiples mundos de maneira simultánea. O transnacionalismo, aplicado á análise do retorno por Carling / Erdal (2014), pode ser particularmente exitoso na explicación do retorno diaspórico, pois permite dar conta da «elasticity in considering people movements that retain both the transnational and the homecoming elements interchangeably and flexibly» (Christou / Yeoh 2022: 327). A modo de exemplo, Pérez-Caramés / Domínguez-Mújica / Ortega-Rivera (2021) utilizan o paradigma transnacional para o estudo dun proceso notablemente conectado co fenómeno analizado por nós: a reemigración de persoas, xeralmente oriúndas de países hispanoamericanos e que posúen

⁹ Tomamos o termo de Izquierdo Escribano (1996), quen o utiliza no contexto español.

a nacionalidade española, cara a outros países europeos. Na mesma liña, Rivero / Martínez (2021), Rivero / Navarro-Conticello (2021) e Cerrutti / Ameijeiras / Maguid (2022) escollen tamén o transnacionalismo para a análise das mobilidades recentes de persoas de nacionalidade arxentina, retornando ao país de orixe ou reemigrando cara a outros destinos desde España. Igualmente Azevedo / Desille / Pinho (2022) avogan polo seu emprego na produción científica centrada na *migração de regresso*¹⁰ a Portugal. O éxito da perspectiva transnacional nos últimos tempos obriga a ter este paradigma en conta como núcleo do estudo¹¹.

Canto á temática que abordan os traballos sobre o retorno, sexa este da primeira ou das sucesivas xeracións, destacan sobre todo aquelas aproximacións que procuran predicir cal é o perfil de persoa á que se lle supón unha maior predisposición de cara ao regreso. Neste sentido e moi ligado ao paradigma transnacional, márcase como aspecto propiciador da decisión a importante densidade dos contactos, sexan físicos (vacacións, viaxes de estudos etc.) ou virtuais (mediante as novas tecnoloxías), con familiares e outros vínculos de residentes no territorio orixinal, e en xeral o mantemento de nexos co espazo de partida. Outras variables estudadas son a maior ou menor integración no lugar de chegada, a sensación de fracaso no proxecto migratorio e a hostilidade, explícita ou non, por parte de sectores da poboación nativa, todos eles factores que inducen á configuración dun proxecto de retorno. Os procesos de aculturación e reaculturación que viven as persoas que retornan son tamén analizados, así como o papel que neles desenvolven a nostalxia e o desencanto. Aspectos diferenciais en termos de xénero ou clase social estúdanse tamén en varias destas aproximacións. Por último, comezan a ser obxecto de análise específica as políticas de retorno incentivado desenvolvidas por diversos países outrora emisores de emigrantes, as máis das veces como estratexia de captación dunha nova poboación cuxa proximidade á cultura do país de acollida se sustenta na etnicidade común (Rovetta Cortés 2018; Tsuda / Song 2019; Pauli 2021: 98-99, Pinho / Góis / Marques 2022). Neste sentido e como reflexión que enmarca este tipo de intervencións políticas é de obrigada lectura a achega de Joppke (2005: 1-30), quen se ocupa do encaixe de tales políticas de selección por orixe dentro do modelo liberal de estado.

¹⁰ Recórdese que neste país o termo *retorno* está reservado para o proceso, posterior ao 25 de abril, de asentamento na metrópole de portugueses e portuguesas que anteriormente habitaban nalgunha das colonias africanas.

¹¹ Somos conscientes de que o programa de bolsas que analizamos podería ser tamén estudado desde a perspectiva da *International Student Mobility/Migration* (King / Raghuran 2013, Raghuran 2013, Börjesson 2017, Riaño / van Mol / Raghuran 2018, Sandra 2020, entre outros). A comparación entre retorno e mobilidade académica é tamén unha liña de desenvolvemento analítico explorada en Silva-Domínguez (2024).

2.3. O retorno de primeira xeración e o retorno diaspórico no programa de bolsas BEME

Dos dous perfís de persoas que poden optar ás bolsas BEME, o ciclo de traballos cuxas características se deseñan na presente achega centraranse no estudo da descendencia, conformada por aqueles e aquelas que non protagonizan, por tanto, unha modalidade clásica de retorno. Lémbrese que, segundo se indicou en páxinas anteriores, o baremo das diversas convocatorias presenta unha orientación aparentemente máis favorable ao retorno clásico, ao outorgar unha puntuación máis elevada para a obtención da axuda á circunstancia de que se naceuse en Galicia ou que se residise nun concello da Comunidade no momento anterior ao proceso migratorio. Porén, a pesar do beneficio que supón o feito de pertencer á primeira xeración de emigrantes, entre as case 1000 persoas que teñen conseguido unha bolsa BEME durante os anos obxecto de análise é notorio e mesmo abafante o predominio cuantitativo do retorno diaspórico.

Que as bolsas BEME resultan atractivas fundamentalmente para aquelas persoas que descendeen de emigrantes é unha evidencia que se repite desde o inicio do programa. Deseguido achéganse algúns datos obtidos a partir das listaxes que a Secretaría Xeral de Emigración ofrece no seu portal web (<https://emigracion.xunta.gal>). Na primeira convocatoria (2017-2018, 100 bolsas) unicamente 14 BEMEs proviñan da emigración europea (8 de Reino Unido, 6 de Alemaña). No curso 2018-2019, só 13 persoas beneficiarias (de Reino Unido, 9) proceden de fóra de América Latina; salienta nesta convocatoria o predominio de Venezuela (34 persoas beneficiarias). O exame do país de titulación e dos listados de persoas solicitantes non ofrece resultados diferentes. Por exemplo, na convocatoria para o curso 2021-2022 (200 bolsas) só 33 das persoas solicitantes teñen España como país de titulación; destaca neste ano o elevado número de titulados/as na Arxentina (156), e en segundo lugar, no rango de importancia cuantitativa, en México (84), Venezuela (35), Brasil (33) e Uruguai (30).

Parece claro, daquela, que a intención de conseguir candidaturas entre persoas nadas en Galicia, evidente por causa dun baremo máis vantaxoso, non frutifica na realidade, e deseguido darase conta dalgúns factores que poden ofrecer vías de explicación desta circunstancia. Para tal finalidade acudiremos ao importante número de estudos que se veñen realizando nos últimos anos para dar conta, tanto dos procesos migratorios recentes desde España a Europa, como do retorno asociado a estes¹². Non sabemos da existencia de traballos especificamente centrados no caso galego, pois neste ciclo analítico unicamente se ten considerado pertinente diferenciar entre españois/las de orixe e aquelas outras persoas que

¹² Destacamos, sen ánimo de exhaustividade, os seguintes: Pérez-Caramés (2017), Domínguez-Mújica / Díaz-Hernández (2019), Cortés / Moncó Rebollo / Barbosa (2020), Elgorriaga Astondoa / Arnoso Martínez / Ibabe Erostate (2020), Capote Lama / Fernández Suárez (2021), Fernández Suárez / López Gonsálvez / Soto González / Egea Padilla (2021), González-Martín / Pumares (2021) e Vázquez Silva / Capote Lama / Vázquez de Lera (2021).

protagonizan unha reemigración desde España a outros países europeos, sendo estas últimas case sempre nadas en España mais descendentes de inmigrantes.

Os estudos consultados son de natureza cualitativa e céntranse en analizar fundamentalmente dous aspectos da última vaga migratoria cara a Europa: os perfís das persoas emigrantes e as circunstancias explicativas da decisión de marchar, por unha banda; as motivacións para o retorno e as posibles dificultades que se prevén neste proceso, pola outra. A respecto desta segunda dimensión, destácanse nesta xeira analítica algúns factores que talvez puideron ser tidos en conta, á maneira de oportunidades, no deseño da *Estratexia Retorna 2020* en xeral, e máis en particular na iniciativa de bolsas que estudamos. Así, as dificultades de adaptación ás sociedades de acollida, a indecisión a respecto de ter descendencia no estranxeiro, a importancia da familia nas culturas do sur de Europa, talvez foron entendidos como factores que propiciarían un regreso, situado xeralmente na transición entre a xuventude e a idade madura. Con toda probabilidade foron consideradas ademais outras circunstancias que aparentemente favorecen o retorno: o mantemento daqueles estereotipos que fan da responsabilidade sobre as persoas maiores unha obriga particularmente asumida polas «boas fillas» (Cortés / Moncó Rebollo / Barbosa. 2020), a persistencia dos roles de xénero que asocian a muller ao coidado e reforzan, por tanto, a necesidade de estas ocupárense de pais e nais cando chega a vellez (Fernández Suárez / López Gonsálvez / Soto González / Egea Padilla 2021), así como a condición de *connected migrants* (Dimitrescu 2008) que define a protagonistas do ciclo migratorio en cuestión; é por isto que a experiencia transnacional, ou máis ben translocal, é fundamental nas súas vidas, que transcorren de maneira simultánea no espazo de chegada e no de orixe, ao que, segundo algúns traballos, cando menos a terceira parte dos e das que se foron afirma desexar regresar (Elgorriaga Astondoa / Arnoso Martínez / Ibabe Erostabe 2020: 68).

Máis en concreto e para o estudo da iniciativa que nos ocupa, no deseño das bolsas BEME púidose ter tamén en conta a evidencia de que a mobilidade académica en forma de bolsas se converteu, neste último ciclo migratorio español, nunha «primera aproximación a la experiencia migratoria, lo que les ha permitido valorar si sus planes de emigración cuando terminaran los estudios podrían ser factibles, en términos de adaptación a la emigración» (González-Martín / Pumares 2021: 8). Unha función equivalente, facilitadora da transición entre os dous espazos físicos, sería a desenvolvida polo programa de bolsas estudado, aínda que neste caso deba ser propiciadora do retorno.

Con todo, os datos indican que o poder de atracción sobre a xeración que marchou a Europa ten sido ata o momento moi reducido. Neste sentido, o mencionado ciclo de estudos sobre a emigración recente achega dúas claves que poderían ter un importante valor explicativo. En primeiro lugar, a bibliografía destaca a condición de «migración líquida» que define esta xeira migratoria (Domínguez-Mújica / Díaz Hernández 2019; Capote Lama / Fernández Suárez 2021: 15); falamos de «proyectos caracterizados por su pluralidad, poco predecibles, basados en estrategias individuales y predispuestos siempre al cambio. El marco de

la libre circulación europea así lo permitiría» (Vázquez Silva / Capote Lama / López de Lera 2021: 4). Parece difícil intervir con éxito sobre un colectivo heteroxéneo de seu, con grande experiencia nos recursos ligados á mobilidade dentro da Unión Europea e noutros contextos occidentais, informado e moi probablemente escéptico acerca das posibilidades que o retorno lle ofrece.

En segundo lugar, o grande argumento omnipresente nestes estudos e que ao noso modo de ver explica a dificultade do programa para atraer a chamada «xeración perdida» europea, é o dubidoso percorrido, a medio prazo, dunha iniciativa política para o retorno que consiste en asegurarlles unicamente un ano de vida (todo o máis ano e medio) ás persoas que se trasladan de país, nalgúns casos xa cunha contorna familiar de carácter transnacional. O condicionamento económico e as dificultades dos mercados laborais español e galego aparecen como elementos que frean a decisión de retornar, e os traballos detectan o medo de atoparse na necesidade de aceptar un traballo dos que os/as informantes denominan «de tipo español»: moitas horas e pouca remuneración (Domínguez-Mújica / Díaz-Hernández 2019: 114).

3. Presentación da metodoloxía e primeiros resultados do noso ciclo de traballos

3.1. As preguntas da investigación

Unha vez sinalada a relevancia do programa de bolsas BEME e caracterizado o contexto lexislativo e político en que estas xorden, describíranse deseguido os obxectivos da análise emprendida por nós e, posteriormente, darase conta dos principais aspectos da ferramenta metodolóxica utilizada para explicar, desde unha perspectiva fundamentalmente lingüística e identitaria, esta acción política para a diáspora. Indicaranse ademais algúns dos resultados xa obtidos e publicados ou en fase de publicación.

Como punto de partida da investigación, formuláronse á maneira de eixes vertebradores as seguintes preguntas:

1. Como é a definición identitaria daquelas persoas que chegan a Galicia baixo a condición de herdeiros/as de migracións acontecidas ás veces hai máis de medio século, e en que medida a proposta de definición achegada para elas desde a institución convocante do programa, baseada no paradigma do retorno, é asumida, matizada ou rexeitada por aquelas?

2. De entre o amplo abano de elementos identitarios que se poden manter logo de varias xeracións fóra de Galicia (por exemplo: os costumes, o carácter, a gastronomía, a lingua etc.), cales foron os que efectivamente se conservaron, na

experiencia de cada persoa BEME, se é que houbo algún? E neste sentido, que papel desenvolveron ben as familias, ben os centros con contido étnico, no mantemento destes, e máis en concreto na xeración de coñecemento acerca da lingua galega como obxecto gramatical e como presenza social¹³?

3. Que información posuían os/as BEMEs acerca da realidade lingüística de Galicia, e en concreto acerca da presenza e visibilidade da lingua galega, no momento previo á chegada a Galicia? De que maneira foi obtida esta e como interactuou coa realidade?

4. Como foi a toma de contacto coa lingua galega durante o período en que durou a súa experiencia formativa en Galicia? A que variedades da lingua se aproximou esta nova poboación (formal, académica, coloquial etc.) e mediante que recursos? En que medida decidiu incorporarse (ou non) á comunidade de falantes de galego de xeito activo?

5. Cales son as principais experiencias vividas polos/as BEMEs en tanto que usuarios/as de variedades de español diferentes á falada en Galicia? Que modificacións se operaron no seu dialecto orixinal e como se produciron estas?

6. Que repercusións tivo, na percepción dos/as BEMEs como galegos e galegas e na súa propia autodefinición como tales, a proximidade da súa variedade lingüística a respecto da doutras persoas de orixe hispanoamericana que protagonizan tamén neste momento un proceso de inmigración a Galicia, sen as connotacións e sen o amparo xurídico do retorno?

7. Cales son os principais elementos que condicionan a decisión, posterior ao desfrute da bolsa, de quedar en Galicia ou ben retornar ao país do que partiron, ou mesmo emprender un proceso de reemigración (Pérez-Caramés / Domínguez-Mújica / Ortega-Rivera 2021) tanto a outros países da contorna como a outras Comunidades Autónomas?

A relación de cuestións que se vén de presentar non ten a intención de ser exhaustiva, pois, segundo se sinalará deseguido, a propia natureza da metodoloxía escollida fai que poidan xurdir novas orientacións temáticas a medida que se realiza a toma de datos na investigación, e outras cuestións non previstas acadarán, sen dúbida, espazo na nosa análise.

3.2. O deseño da metodoloxía de análise: entrevistas semiestruturadas e materiais complementarios

Segundo se indicou en liñas anteriores, a principal ferramenta escollida para a abordaxe analítica á realidade do programa de bolsas estudado é de natureza

¹³ No artigo 7 da Lei da Galeguidade (2013) recoñécese como unha das finalidades das comunidades galegas no exterior «Impulsar o coñecemento, divulgación e uso do idioma galego e o coñecemento e divulgación da creación e produción cultural en galego, tanto entre os membros da comunidade como nas sociedades de acollida».

cualitativa, e consiste na análise dun total de 33 entrevistas semiestruturadas, realizadas a persoas de diferentes países hispanoamericanos que se beneficiaran do programa BEME entre os cursos 2017-2018 e 2022-2023. A selección das persoas entrevistadas (presencialmente ou mediante a ferramenta Microsoft Teams) realizouse mediante a metodoloxía descrita en Saldaña (2017), procurando a maior diversificación posible de perfís; así, entrevistáronse mulleres e homes de diversas nacionalidades de orixe, pertencentes a áreas de coñecemento distintas, que estudaban másters nuns e outros dos campus universitarios da Comunidade, e que estaban en diferentes momentos da experiencia de formación: ben no *durante*, ben no *despois*, afrontando daquela o reto da inserción laboral. Dúas entrevistas foron realizadas a BEMEs que emprenderan xa un «retorno do retorno» ao país de nacemento, e tres persoas máis trasladáronse a traballar a Madrid ou Barcelona durante o período de tratamento dos datos para a súa análise. Tivemos tamén noticia de que outra BEME se deslocalizou para fóra de España un tempo despois de ser entrevistada, polo que sería preciso, cremos, valorar o éxito efectivo da iniciativa como política de retorno a medio prazo.

As entrevistas, de entre hora e hora e media cada unha, convenientemente anonimizadas e sometidas aos estándares derivados dos códigos éticos das Universidades de Santiago de Compostela e Liverpool, foron transcritas na súa totalidade, polo que constitúen un importante corpus de datos cualitativos que permitirán, cremos, achegar un coñecemento avanzado sobre o significado social dos procesos migratorios en Galicia, inseríndose nunha tradición da que xa forman parte numerosos traballos (entre outros Lamela / López de Lera / Oso Casas 2005, Fernández Suárez / López Gonsálvez / Soto González / Egea Padilla 2021, Bermingham 2021). Preténdese ademais facer visible as diferentes dimensións sociais das traxectorias migratorias (Oso Casas / Golías Pérez / Villares Varela 2008).

A carón deste método principal de análise, a investigación complementouse con materiais xerados por outras instancias, dentro das cales a propia entidade que concede as bolsas (Secretaría Xeral de Emigración da Xunta de Galicia) presenta unha relevancia evidente. A plasmación do programa BEME nos medios de comunicación presenta tamén un grande interese, e neste sentido é posible establecer unha tipoloxía de mensaxes en función, por un lado, do colectivo que funcione como receptor implícito e, por outro, do medio desde o que aquelas se constrúen: candidatos/as para as BEME aos e ás que se accede mediante a canle de Youtube (<https://www.youtube.com/user/GaliciaAberta>) da Secretaría Xeral de Emigración *Galicia Aberta* e utilizando xornais dixitais dirixidos ás colectividades española e galega no exterior; ou ben persoas residentes en Galicia ás que se informa da política migratoria da Xunta de Galicia mediante as cabeceiras xornalísticas tradicionais da Comunidade, tanto na súa versión en papel como na dixital. Noticias de prensa acerca do programa BEME, vídeos de responsables políticos en diversos encontros con comunidades do exterior e con beneficiarios/as do programa, pequenas cuñas publicitarias audiovisuais en que as persoas beneficiarias do programa contan a súa experiencia en Galicia e mesmo vídeos que explican distintos aspectos do proceso de obtención da bolsa, todos eles constitúen

un importante acervo de materiais complementarios que permiten analizar o significado social da iniciativa para quen a protagoniza e para a sociedade galega en xeral. O ciclo de traballos xerado a partir da metodoloxía que se describiu será, sen dúbida, de interese para a investigación e o deseño de políticas para a diáspora.

No momento de redactar estas liñas (xuño de 2024), son xa varias as aproximacións analíticas realizadas por nós ao corpus, en soidade ou en coautoría con Nicola Bermingham (Universidade de Liverpool), e estas permiten avanzar respostas para algunhas das cuestións sinaladas anteriormente. Referímonos deseguido unicamente a artigos publicados ou en fase de publicación, sen contar diversas presentacións realizadas en congresos internacionais. Así, a realidade identitaria dos e das BEMEs foi analizada en Bermingham / Silva-Domínguez (2024a) e Bermingham / Silva-Domínguez (2024b). Neste segundo traballo descubriuse tamén a existencia de diversas lecturas públicas, que operan en simultaneidade (mais para o consumo de diferentes colectivos), acerca da galegitude das persoas que participan do programa. Por outro lado, as circunstancias derivadas da posesión dunha variedade de español non peninsular por parte das persoas participantes no programa, así como o proceso de modificación do dialecto de orixe por parte destas, foron estudados en Silva-Domínguez (no prelo). Ademais, a comparación entre o retorno diaspórico e a mobilidade académica propiamente dita abordouse tamén, con resultados inesperados, en Silva-Domínguez (2024). Queda, porén, moito aínda que facer para a explotación do corpus e a sistematización das respostas ás cuestións que foron sinaladas.

4. Consideracións finais: un camiño aberto no contexto da superdiversidade

Nestas páxinas quixemos presentar unha ferramenta analítica deseñada para a análise, desde a perspectiva lingüística e identitaria, dunha das políticas de fomento do retorno máis destacadas de entre as implementadas polo goberno galego nos anos finais da segunda década de século: as bolsas *Excelencia Mocidade Exterior* (bolsas BEME). A iniciativa consiste no financiamento, por parte do goberno autonómico, dunha formación de máster oficial en Galicia, e destínase a persoas residentes no exterior, nacionalidade española e vínculos con Galicia (nacemento na Comunidade ou vinculación por orixe de ascendentes). Incluída a partir de 2018 na *Estratexia Retorna 2020* e con prometida continuidade nos vindeiros anos, preto de 1000 persoas regresaron a Galicia ao abeiro desta actuación política nas seis primeiras convocatorias en que se presenta con esta denominación.

O traballo divídese en dúas seccións. Nunha primeira parte abórdanse diferentes aspectos que permiten contextualizar a iniciativa política estudada desde tres puntos de vista independentes, mais precisos para a plena comprensión da

actuación. O primeiro deles está composto pola análise do contexto ideolóxico e xurídico que posibilita a promoción do retorno como un elemento clave das actuacións financiadas polo goberno da Xunta de Galicia para afrontar o denominado «reto demográfico». Neste sentido, dáse conta da coherencia ideolóxica existente entre a tradición galeguista e o marco xurídico artellado desde os comezos da autonomía, ambos compatibles cunha visión dramática da emigración, así como comprometidos coa extensión dos dereitos de cidadanía á descendencia. Tal compatibilidade prodúcese nun contexto estatal, o español, plenamente coherente coa andamiaxe ideolóxica en que se sustentan os incentivos ao retorno, pois desde principios de século véñense aprobando iniciativas legais cada vez máis propiciadoras da obtención da nacionalidade por parte de descendentes.

O segundo punto de vista desde o que se aborda o estudo das bolsas BEME é o da aproximación académica ao concepto de retorno, e del extráese como elemento central a necesidade que a investigación sentiu de contar cunha diferenciación terminolóxica que reflecta a existencia de dous procesos vitais cuxas características son só parcialmente coincidentes; así, a denominación tradicional, *retorno*, sen adxectivos, adoita destinarse a dar conta da experiencia vivida pola primeira xeración de emigrantes, mentres se procura unha nomenclatura axeitada que permita abordar aqueles casos en que as persoas que marchan non son as mesmas que as que regresan. Tras unha revisión da bibliografía sobre a cuestión, optamos por amparar este segundo proceso na etiqueta *retorno diaspórico*, e achegamos os argumentos pertinentes para xustificar a devandita decisión. Neste apartado realízase tamén unha aproximación ao amplo abano de cuestións abordadas nas análises do retorno e mais á importancia deste no desenvolvemento do paradigma transnacional para a análise dos procesos migratorios.

En terceiro lugar e xa situándonos en concreto no estudo das bolsas BEME, achéganse evidencias que sinalan o máis que notable predominio nelas do retorno diaspórico, fronte á escasa adxudicación de axudas a protagonistas dun retorno clásico ou de primeira xeración. Aínda que a iniciativa favorece este segundo tipo de beneficiarios/as, tanto no baremo como na idade máxima admitida (ata os 40 anos, o que podería ser compatible con emigrantes da crise de finais da primeira década de século que queiran regresar), os datos cuantitativos que achegamos amosan unha moi reducida presenza de persoas nadas en Galicia no programa. A lectura do ciclo de traballos que se veñen ocupando de explicar as características da última migración española a Europa e a outros países desenvolvidos permite a construción dalgunhas hipóteses que explican tal circunstancia.

A segunda sección do traballo ocúpase de describir a ferramenta analítica deseñada por nós para a abordaxe á análise do retorno diaspórico vinculado ás bolsas BEME. O interese central da análise que se pretende completar sitúase na relevancia das experiencias idiomáticas que comparten as persoas beneficiarias desta política en tres momentos da súa historia vital: o seu pasado, como herdeiros e herdeiras da emigración; o seu presente, a estadía de formación, en que necesariamente se descobre unha realidade lingüística a respecto da cal talvez non

fosen conscientes no momento anterior; e o seu futuro logo de cursaren o máster, en que as persoas deben decidir se quedar na terra de partida da emigración histórica, retornar ao país de nacemento ou reemigrar a outros puntos de España, Europa ou distintos espazos xeopolíticos. Tales experiencias lingüísticas, tanto a respecto do galego como do español (lingua esta sobre a que posúen de entrada unha variedade non peninsular) serán obxecto de interese na nosa análise, así como a evolución destas ao longo dos tres momentos temporais sinalados.

Coa finalidade de dar resposta ás diferentes preguntas de investigación formuladas acerca desta temática, realizouse unha entrevista semidirixida a 33 persoas, todas elas beneficiarias das bolsas BEME en diferentes convocatorias, consideradas representativas da variedade xeográfica, xenérica e formativa que caracteriza o programa. Á maneira de recursos analíticos complementarios empregáronse tamén outros materiais de diverso tipo sobre a iniciativa BEME, dispoñibles en formato dixital e construídos tanto pola instancia política que deseñou o programa (a Xunta de Galicia) como por outras instancias que dan conta deste, os medios de comunicación galegos, nas súas diversas titularidades. Varios artigos viron xa a luz ou están en proceso de ser aceptados en diferentes publicacións, e agardamos que contribuirán a un mellor coñecemento dunha sociedade, a galega, definida xa hai algúns anos (DePalma / Pérez-Caramés 2018) como transitando a pasos de xigante polo camiño da superdiversidade.

Referencias bibliográficas

- Azevedo, Liliana / Amandine Desille / Filipa Pinho (2022): «Migração de regresso para Portugal: revisitar o passado, compreender o presente», *Cidades, Comunidades e Territórios* 44. DOI: <https://doi.org/10.15847/cct.27207>
- Bermingham, Nicola (2021): «Language Ideologies and Transnational Migration: a case study of Cape Verdeans in Galicia», *Languages* 6 (2), 1-18. DOI: <https://doi.org/10.3390/languages6020099>
- Bermingham, Nicola / Carme Silva-Domínguez (2024a): «Language ideologies and linguistic practices of transgenerational 'return' migrants to Galicia», *Languages* 9 (6), 187. DOI: <https://doi.org/10.3390/languages9060187>
- Bermingham, Nicola / Carme Silva-Domínguez (2024b): «Transgenerational return migration to Galicia, Spain: discourses of identity and belonging», *Journal of Immigrant & Refugee Studies*. DOI: <https://doi.org/10.1080/15562948.2024.2366305>
- Börjesson, Michael (2017): «The global space of international students in 2010», *Journal of Ethnic and Migration Studies* 43 (8), 1256-1275. DOI: <https://doi.org/10.1080/1369183X.2017.1300228>
- Bovenkerk, Frank (1974): *The Sociology of Return Migration: A Bibliographic Essay*. The Hague: Nijhoff (*Publications of the RGEMP*, vol. 20).

- Capote Lama, Alberto / Belén Fernández Suárez (2021): «La *Nouvelle Vague* de la emigración española en Francia: proyectos migratorios y tipos de migrantes», *Revista Española de Sociología* 30 (4), 1-23. DOI: <http://doi.org/10.22325/fes/res.2021.23>
- Carling, Jorgen / Marta B. Erdal (2014): «Return Migration and Transnationalism: How Are the Two Connected?», *International Migration* 52 (6), 2-12. DOI: <https://doi.org/https://doi.org/10.1111/imig.12180>
- Cerrutti, Marcela / Analía Ameijeiras / Alicia Maguid (2022): «Emigración de argentinos a España y retorno. ¿un pasaje de ida y vuelta?», *Población & Sociedad* 29 (2), 18-49. DOI: <http://dx.doi.org/10.19137/pys-2022-290202>
- Christou, Anastasia / Brenda S. A. Yeoh (2022): «Transnational Mobilities and Return Migration», en Brenda S. A. Yeoh / Francis L. Collins (eds.), *Handbook on Transnationalism*. Cheltenham, Reino Unido: Edward Elgar Publishing, 325-339. DOI: <https://doi.org/10.4337/9781789904017.00029>
- Cortés, Almudena / Beatriz Moncó Rebollo / Fernando Barbosa (2020): «Young Spanish au pairs in London: migration and gender tensions in the context of intra-EU mobilities», *Ethnic and Racial Studies* 43 (14), 2590-2606. DOI: <https://doi.org/10.1080/01419870.2020.1774071>
- DePalma, Renée / Antía Pérez-Caramés (eds.) (2018): *Galician Migrations. A Case Study of Emerging Super-diversity*. Cham, Switzerland: Springer.
- Dimitrescu, Dana (2008): «The connected migrant: an epistemological manifesto», *Social Science Information* 47(4), 565-579. DOI: <https://doi.org/10.1177/0539018408096447>
- Domínguez-Mújica, Josefina / Ramón Díaz-Hernández (2019): «The Dilemma of Returning: the Liquid Migration of Skilled Spaniards 8 years down the Economic Crisis», *Canadian Studies in Population* 46, 99-119. DOI: <https://doi.org/10.1007/s42650-019-00010-x>
- Dubert, Isidro (ed.) (2019): *A morte de Galicia*. Vigo: Xerais.
- Dubert, Isidro / Antía Pérez-Caramés (coords.) (2021): *Invasión migratoria y envejecimiento demográfico. Dos mitos contemporáneos*. Madrid: La Catarata.
- Durand, Jorge (2004) «Ensayo teórico sobre la migración de retorno. El principio del rendimiento decreciente», *Cuadernos Geográficos* 35 (2), 103-116.
- Elgorriaga Astondoa, Edurne / Ainara Arnoso Martínez / Izaskun Ibabe Erostarbe (2020): «Condiciones sociolaborales e integración social de mujeres y hombres españoles en Alemania e Inglaterra», *Revista Española de Investigaciones Sociológicas* 170, 55-72. DOI: <http://dx.doi.org/10.5477/cis/reis.170.55>
- Espín Alba, Isabel (2010): «Nacionalidad, ciudadanía y emigración española: a propósito de las últimas modificaciones legislativas en materia de nacionalidad», *Derecho Privado y Constitución* 24, 291-332.
- Fernández Suárez, Belén / Tatiana López Gonsálvez / Adrián Soto González / Miguel Egea Padilla (2021): «Españoles en París: la importancia de los lazos

- débiles para las estrategias de movilidad intraeuropea», *Revista Española de Sociología* 30 (4), 1-20. DOI: <https://doi.org/10.22325/fes/res.2021.75>
- Golíás Pérez, Montserrat (2018): «The Grandchildren of Galicia. Lived and Imagined Citizenship», en R. DePalma / A. Pérez-Caramés (eds.), *Galician Migrations. A Case Study of Emerging Super-diversity*. Cham, Suíza: Springer, 81-92.
- González-Martín, Belén / Pablo Pumares (2021): «De vuelta a casa: el retorno de los jóvenes españoles desde Europa», *Revista Española de Sociología* 30 (4), 1-22, <https://doi.org/10.22325/fes/res.2021.73>
- Izquierdo Escribano, Antonio (1996): *La inmigración inesperada*. Barcelona: Trotta.
- Izquierdo Escribano, Antonio (2011): *La migración de la memoria histórica*. Barcelona: Edicions Bellaterra-Fundación Largo Caballero.
- Joppke, Christian (2005): *Selecting by Origin. Ethnic Migration in the Liberal State*. Cambridge, Massachusetts / Londres: Harvard University Press.
- King, Russell / Anastasia Christou (2011): «Of counter-diaspora and reverse transnationalism: Return mobilities to and from the ancestral homeland», *Mobilities* 6 (4), 451-466. DOI: <https://doi.org/10.1080/17450101.2011.603941>
- King, Russell. / Pavarti Raghuran (2013): «International Student Migration: Mapping the Field and New Research Agendas», *Population, Space and Place* 19, 127-137. DOI: <https://doi.org/10.1002/psp.1746>
- Kunuroglu, Filiz / Fons van de Vijver / Kutlay Yagmur (2016): «Return Migration», *Online Readings in Psychology and Culture* 8 (2), 1-28. DOI: <https://doi.org/10.9707/2307-0919.1143>
- Lamela Viera, Carmen / Diego López de Lera / Laura Oso Casas (2005): «La inmigración internacional en Galicia: latinoamericanos, comunitarios y otros», en Carlota Solé / Antonio Izquierdo (coords.), *Integraciones diferenciadas: migraciones en Cataluña, Galicia y Andalucía*. Barcelona: Anthropos, 89-104.
- Levitt, Peggy (2009): «Roots and Routes: Understanding the Lives of the Second Generation Transnationally», *Journal of Ethnic and Migration Studies* 35 (7), 1225-1242. DOI: <https://doi.org/10.1080/13691830903006309>
- Lugilde Pardo, Anxo (2020): «Emigración y ciudadanía: el voto de los españoles en el exterior (1900-2017)», en Marcela García Sebastianini / Xosé Manuel Núñez Seixas (eds.), *Hacer patria lejos de casa. Nacionalismo español, migración y exilio en Europa y América (1870-2010)*. Zaragoza: Universidad de Zaragoza, 233-266.
- Mariou, Eleni (2020): «Narratives about 'homeland', heritage, languages and belonging: A case of 'return' migration», *Linguistics and Education* 56, 1-9. DOI: <https://doi.org/10.1016/j.linged.2019.100793>
- Matos, Joana / Cristina Flores (2024): «More insights into the interaction between age, exposure, and attitudes in language attrition and retention from the perspective of bilingual returnees», *International Journal of Bilingualism* 28 (1), 24-42. DOI: <https://doi.org/10.1177/13670069221136941>

- Michail, Domna / Russell King (2023): «Interaction of ancestry and agency: Challenges, constraints and options for second-generation Albanian youth relocating from Greece», *Population, Space and Place* 30 (1). DOI: <https://doi.org/10.1002/psp.2723>
- Núñez Seixas, Xosé Manuel (1998): «Retornados e inadaptados. El *americano* gallego, entre mito y realidad», *Revista de Indias* 58 (214), 555-593.
- Oso Casas, Laura / Montserrat Golías Pérez / María Villares Varela (2008): «Inmigrantes extranjeros y retornados en Galicia: la construcción del puente transnacional», *Política y Sociedad* 45 (1), 103-117.
- Pauli, Julia (2021): «Return migration», en Jeffrey H. Cohen (ed.), *Handbook of Culture and Migration*. Cheltenham, Reino Unido-Northampton, Massachusetts, Estados Unidos: Edward Elgar Publishing, 95-109.
- Pérez-Caramés, Antía (2017): «Una nueva generación española en Alemania. Análisis de las motivaciones para la emigración bajo el manto de la crisis», *Migraciones* 43, 91-116. DOI: <https://doi.org/10.14422/mig.i43.y2017.005>
- Pérez-Caramés, Antía / Domínguez-Mújica, Josefina / Enrique Ortega-Rivera (2021): «*Se hace camino al andar*. Reemigración de latinoamericanos desde España hacia otros países europeos (2006-2018)», *Revista Española de Sociología* 30 (4), 1-22. DOI: <https://doi.org/10.22325/fes/res.2021.74>
- Pinho, Filipa / Pedro Góis / José-Carlos L. Marques (2022): «Portugal e Espanha, países para regressar: Uma análise comparativa de políticas de recuperação de emigrantes», *Cidades, Comunidades e Territórios* 44, 104-120.
- Pontrandolfo, Gianluca 2024. «La construcción de una identidad italoargentina entre memoria e imaginación: una aproximación narrativa», en Diana Castilleja (coord.), *II Congreso Internacional Cruce de fronteras: español y otras lenguas y literaturas en contacto (7-8 febrero 2024)*. Libro de resúmenes. Bruxelas: VUB, 30-31.
- Raghuran, Pavarti (2013): «Theorising the Spaces of Student Migration», *Population, Space and Place* 19, 138-154. DOI: <https://doi.org/10.1002/psp.1747>
- Riaño, Yvonne / Christof van Mol / Pavarti Raghuran (2018): «New directions in studying policies of international student mobility and migration», *Globalisation, Societies and Education* 16 (3), 283-294. DOI: <https://doi.org/10.1080/14767724.2018.1478721>
- Rivero, Patricia Jimena / Candelaria Martínez (2021): «Significados sobre la ciudadanía múltiple: el caso de los argentinos que retornan desde España con pasaporte europeo», *Methaodos. Revista de Ciencias Sociales* 9 (1), 135-151. DOI: <http://dx.doi.org/10.17502/mrcs.v9i1.443>
- Rivero, Patricia Jimena / Jose Navarro-Conticello (2021): «Migraciones y movilidades de argentinos y argentinas: revisión crítica de un campo de estudios en desarrollo (1960-2020)», *Páginas* 31, 1-25. DOI: <http://dx.doi.org/10.35305/rp.v13i31.474>

- Rovetta Cortés, Ana Isabel (2018): «*No me toca el corazón: examinando las políticas para la diáspora en Galicia y el Véneto*», *Papers. Revista de Sociología* 103 (3), 395-421. DOI: <https://doi.org/10.5565/rev/papers.2434>
- Saldaña, Magdalena (2017): «Sampling, Nonrandom», en J. Matter / Ch. S. Davis / R. F. Potter (eds.), *The International Encyclopedia of Communication Research Methods*. Londres: Willey. DOI: <https://doi.org/10.1002/9781118901731.iecrm0224>
- Sandra, Ika (2020): «Transnational Education: Looking at Out- and Inflow of International Student Migration», *Journal of Moral and Civic Education* 4 (1), 52-59. DOI: <https://doi.org/10.24036/8851412412020239>
- Silva-Domínguez, Carme (2024): «Retornados diaspóricos y estudiantes de movilidad en las universidades de Galicia. Un análisis comparado desde la perspectiva de la lengua gallega», *Migraciones*. DOI: <http://dx.doi.org/10.14422/mig.2024.013>
- Silva-Domínguez, Carme (no prelo): «*Mi partida literal de nacimiento es mi voz: contacto e acomodación entre variedades do español no retorno diaspórico a Galicia*», en Elisa Fernández Rei *et alii* (eds.), *Identidades e ideoloxías perante a diversidade lingüística*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Tsuda, Takeyuki (ed.) (2009): *Diasporic Homecomings: Ethnic Return Migration in Comparative Perspective*. Palo Alto: Stanford University Press.
- Tsuda, Takeyuki (2019): «Conclusion: Interrogating return-ambivalent homecomings and ethnic hierarchies», en T. Tsuda / Ch. Song (eds.), *Diasporic Returns to the Ethnic Homeland*. Nova York: Palgrave Macmillan, 239-253.
- Tsuda, Takeyuki / Changzoo Song (2019): «The causes of diasporic return: a comparative perspective», en Takeyuki Tsuda / Changzoo Song (eds.), *Diasporic Returns to the Ethnic Homeland. The Korean Diaspora in Comparative Perspective*. Nova York: Palgrave Macmillan, 17-34.
- Vázquez Silva, Iria / Alberto Capote Lama / Diego López de Lera (2021): «La nueva emigración española en Alemania y Reino Unido: identidades migratorias en cuestión», *Revista Española de Sociología* 30 (4), 1-24. DOI: <https://doi.org/10.22325/fes/res.2021.24>
- Wessendorf, Susanne (2007): «*Roots migrants: Transnationalism and "return" among second-generation Italians in Switzerland*», *Journal of Ethnic and Migration Studies* 33 (7), 1083-1102. DOI: <https://doi.org/10.1080/13691830701541614>
- Xunta de Galicia (s. d. [2018]): *Estrategia Retorna 2020*. <https://emigracion.xunta.gal/files/publicacions/2023/03/36173-resumo-retorna-2020-cast-180905.pdf> [consultado o 03/06/2024].
- Xunta de Galicia (s. d. [2023]): *Estrategia Retorna 2023-2026*. <https://emigracion.xunta.gal/files/paxina/36173-estrategia-retorna-maqueta-v6-espanol.pdf> [consultado o 03/06/2024].